

O BORRADOR DO NOVO DECRETO DA FP: UN PASO MÁIS PARA O SEU DESMANTELAMENTO

O STEG manifesta o seu **rexeitamento rotundo** ao borrador do novo **Decreto de ordenación da Formación Profesional** que se está a debater hoxe mesmo na mesa sectorial.

Este texto representa un ataque frontal á calidade da FP e ao ensino público. Entre os elementos máis lesivos do mesmo destacamos os seguintes:

✗ Menos peso á formación regrada

A FP Dual convértese en **modalidade ordinaria para todo o alumnado**, reducindo así a formación nos centros educativos e dándolle máis peso á aprendizaxe no contorno laboral. Isto supón **substituír módulos profesionais por estadias en empresas** ou, dito de outro modo, entregarlle a chave da formación a entidades que perseguen a obtención de beneficios e non a formación axeitada do alumnado.

✗ Ademais esta dualización xeneralizada faise sen os recursos suficientes

A imposición da FP Dual en todos os ciclos faise **sen ter en conta a realidade de cada centro educativo** ou do tecido produtivo local, deteriorando o equilibrio entre formación teórica e práctica. Os centros educativos públicos quedan nun segundo plano fronte ao protagonismo crecente das empresas.

✗ Privatización encuberta e contratación externa

O decreto permite que a formación se imparta tamén en **entidades colaboradoras**, facilitando a entrada de empresas privadas no currículo. Ademais, abre a porta á participación de **profesionais do sector produtivo alleos ao sistema educativo**. No lugar de reforzar a un profesorado que tivo que demostrar a súa idoneidade a través dun proceso selectivo exhaustivo, preténdese contratar a “profesionais expertos do sector produtivo, non necesariamente titulados/as”

✗ Sen participación do profesorado nin dos sindicatos

O decreto foi elaborado **sen proceso de diálogo real**, ignorando ás organizacións sindicais e sobre todo ao profesorado, que é quen sostén día a día a calidade da FP. Non se recolle ningunha garantía de participación docente nas decisións clave sobre a implantación dos itinerarios.

Polo tanto **esiximos:**

- A **retirada inmediata do borrador** do decreto.
- A **paralización da implantación xeralizada da FP Dual**.
- A **defensa dunha FP pública, con profesorado formado**, sen intrusiones privatizadoras nin mercantilización do ensino.



A FP é unha etapa educativa, non unha ferramenta ao servizo dos intereses empresariais.